


Servizos ecosistémicos

Almacenamento de carbono



Cantidade de madeira aproveitada



Produción de cogomelos



Mitigación da erosión do solo



Provisión de auga



Hábitat para a biodiversidade



Resiliencia da especie



Intensidade de xestión requirida



Referentes de boas prácticas forestais



- Cumprimento de toda a **lexislación aplicable**
- Fomento do **uso múltiple do monte**
- Aposta pola ordenación, **planificación** e xestión forestal
- Garante da persistencia da masa arbórea coa **repoboación** artificial e a **rexeneración** natural
- Detección precoz de **pragas e enfermidades**
- Emprego de **produtos fitosanitarios** en casos excepcionais
- Vixilancia e información sobre posibles **incendios**
- Aplicación de **tratamentos silvícolas** recomendados
- Aposta pola **tritución de restos** e a súa compostaxe ou aproveitamento enerxético
- Racionalización da **rede viaria** forestal
- **Conservación de fauna e flora**
- **Xestión de residuos**
- **Minimización de impactos** paisaxísticos e no ambiente
- Cumprimento da lexislación vixente en materia de **seguridade e saúde laboral**

Modelo silvícola PP3

Piñeiro do país *Pinus pinaster* Ait.



Piñeiro do país

Pinus pinaster Ait.

MODELO SILVÍCOLA PP3

Madeira técnica a quenda curta

1 PREPARACIÓN DO TERREO


- Subsulado mecanizado
- Aburatado mecanizado
- Aburatado manual (zonas de mecanización difícil)

2 PLANTACIÓN

- **Densidade de plantación inicial:** 1.000 pés/ha.
- **Marco da plantación:** 4 metros entre liñas e 2,5 metros entre plantas.
- Utilizar planta mellorada de categoría cualificada ou controlada.
- Aproveitar rexeneración natural sempre que resulte indicado: materiais xenéticos locais e bos fenotipos.

3 MANTEMENTOS

- **Primeiro ano:** reposición de marras e roza total.
- Rozas entreliñas nos primeiros anos e unha de repaso coa masa máis adulta.



MODELO SILVÍCOLA PP3

ESPECIE: *Pinus pinaster* Ait., aplicable a formacións mixtas con *P. radiata*

OBXECTIVO: madeira técnica a quenda curta

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: todos os distritos, en particular XVIII e XIX de Pontevedra e IV e V da Coruña. Montes con elevadas calidades de estación para piñeiro do país. IS > 16 m

4 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- **Podas:**
 - Aos 5 anos: poda de realce ata 1 m de altura de fuste.
 - Aos 10 anos: poda baixa dos 550 pés/ha remanentes tras a primeira rarea (moi precoz) ata 2,5-3 m.
 - Tratamento de restos no 50 % das entreliñas.
- **Desmestas:** antes dos 8 anos roza-desmesta sistemática mecanizada (por entreliñas e nas faixas con arborado), reducindo a densidade a 1000 pés/ha.
- **Rareas:**
 - Aos 10 anos: rarea semisistemática por liñas. Extracción de 450 pés/ha.
 - Aos 15 anos: segunda rarea forte. Extracción de 250 pés/ha. Posible poda alta a 5,5-6 m dos mellores 100 pés/ha.
 - Madeira obtida de serra e trituración. Trituración de restos ou aproveitamento enerxético.

5 CORTA FINAL

- **Idade de corta:** a quendas de 25 anos. 300 pés/ha. Elevada proporción de madeira de aserrado cánter. Prolongable en caso de que o prezo da madeira grossa así o aconselle.
- **Métodos de corta:** corta a feito e tratamento ou aproveitamento de restos.



Máis información do modelo